



Concurso para prover servizos en Culturgal 2019: mobiliario xeral e montaxe. Pazo da Cultura de Pontevedra- Recinto Feiral. 29, 30 novembro e 1 de Decembro

Mobiliario xeral e montaxe

A Asociación Culturgal convoca o concurso restrinxido para adxudicar a provisión de servizos da Feira Culturgal 2019 segundo as seguintes bases.

Bases do concurso

Esta convocatoria abrangue os traballos referidos a stands e mobiliario xeral no recinto feiral de Pontevedra así como a carpa exterior, anexa ao recinto. Para ofrecer toda a información ás empresas interesadas, poñemos ao seu dispor planos da Feira, manual do expositor e tipoloxías de stands na nosa páxina web www.cultur.gal. Así mesmo para consultas e dúbidas, estamos operativos no correo propostas@culturgal.com para dar asistencia coa maior celeridade durante o prazo da convocatoria.

1. Valoraremos a experiencia das empresas en feiras e outros eventos similares, especialmente, aquelas que xa participaran como provedoras de servizos en anteriores edicións de Culturgal. Adxuntarase unha relación de traballos valorables.
2. Valoraremos a proposta técnica e o equipo humano posto a disposición do correcto desenvolvemento do obxecto do concurso. Adxuntarase con tal fin un informe que inclúa dotación técnica e humana.
3. Valoraremos as melloras propostas presentadas polas empresas de acordo aos requirimentos expostos pola organización da feira e indicados a continuación. Adxuntarase exposición en detalle das propostas de mellora.

Prazo de presentación:

Recepción de propostas até o día 25 de outubro de 2019 no e-mail propostas@culturgal.com.

Criterios de valoración das propostas

Valoración económica total do servizo 60%
Valoración técnica, equipo humano e experiencia 30%
Valoración de melloras propostas 10%

Requisitos técnicos

IMPORTANTE. Á empresa adxudicataria solicitaráselle o desglose pormenorizado do orzamento presentado. Así mesmo garantirá a contratación de persoal e medios suficientes para unha correcta montaxe, instalación, funcionamento e mantemento de todos os elementos, conforme á lexislación vixente.

A empresa adxudicataria deberá nomear, con operatividade desde o momento da adxudicación, unha persoa encargada da coordinación do traballo antes e in situ, tanto co equipo da Feira como do resto dos axentes implicados na montaxe da Feira.

Montaxe de stands e mobiliario xeral

- **5.000 metros** cadrados moqueta feiral instalada en toda a superficie do recinto, cor a escoller pola organización. A esta moqueta engadiráselle o suficiente metraje para cubrir os espazos de arte contemporánea indicados no desglose
- Tendido eléctrico a zonas con necesidades específicas.
- Instalación eléctrica (cadro individual) e iluminación individual de todos os stands
- **Instalación nas estruturas de layher e instalación aérea de toda sinalética, rotulación corporativa** e lonas aéreas seleccionadas e definidas pola organización.
- Instalación de mobiliario pertencente á organización e almacenamento próximo ao recinto.
- **Aluguer do mobiliario complementario para cubrir as necesidades solicitadas polos expositores no caso de que o mobiliario propio de Culturgal non sexa suficiente. Posibles tipos de mobiliario ofertados aos expositores:**
 - Cadeira pregable
 - Mesa expositora de 200cm (ancho) x 60cm (fondo) x 73cm (alto)
 - Estante 100cm (ancho) x 200cm (alto) (3 baldas superiores inclinadas, 2 baldas inferiores 90º)
- Instalación de iluminación adicional á existente no recinto para mellorar espazos puntuais.
- **Impresión e colocación en cada stand dun displayer co nome da entidade expositora (ver deseño en Tipoloxías de Stands)**

Espazos creados con estrutura de panel modular e mobiliario adicional

Mostrador entrada CULTURGAL (non panelado)

- 2 mostradores entrada con espazo suficiente para 5 persoas (ou sistema similar)
- Iluminación para zonas precisas do hall de recepción
- 5 tallos altos
- 3 cadeiras brancas
- Lámpadas brancas de pé (facilitadas pola organización)
- Mesas auxiliares para organización de material tras o mostrador

Gardarroupa entrada CULTURGAL

- Espazo panelado (ou estrutura de montaxe a propor pola empresa concorrente) aproximado de 10 m de ancho por 3 m de fondo.
- Burros e perchas e sistemas de numeración adecuados

Panelado Espazo Libro según plano (paneis sándwich de 4/5 m altura para facilitar o illamento acústico entre as actividades interiores e o ruído ambiente exterior)

- 80 cadeiras brancas pregables
- 2 sofás de 3 prazas de cor branca
- 2 mesas auxiliares, unha alta e unha baixa para apoio nas presentacións
- 1 tarima enmoquetada de 6,25 x 2,5 m e 0,40 cm de alto
- Estrutura trust ou tableiro para a instalación de traseiras plotter

Panelado Espazo Foro según plano (paneis sándwich de 4/5 m altura para facilitar o illamento acústico entre as actividades interiores e o ruído ambiente exterior)

- 5 tallos altos
- 80 cadeiras brancas pregables
- 1 tarima enmoquetada de 6,25 x 4 m e 0,40 cm de alto.
- 1 mesa auxiliar alta
- Estrutura trust ou tablón para a instalación de traseiras plotter

Panelado (ou cerramento similar a propor por empresa concorrente) Espazo Infantil (medidas según plano)

- 30 cadeiras brancas pregables
- 4 mesas auxiliares de 2m ancho por 1m fondo para actividades
- 1 tarima enmoquetada de 6,25 x 3,75 m e 0,40 cm de alto **con rampa de acceso**
- Estrutura trust ou tablón para a instalación de traseiras plotter
- Reforzo de iluminación sobre o espazo escénico

Zona Cafetería. Peche de parede limítrofe coa zona de menor altura do pazo (con planta superior)

- 22 aluguer de mesas altas e baixas redondas
- 4 aluguer de mesas cadradas 75x75
- 50 aluguer de tallos altos
- 40 aluguer de cadeiras con brazos
- 14 cadeiras brancas pregables

Sala exposicións

O recinto arte contemporánea instalarase na Sala de exposicións do Pazo da Cultura.

Os expositores alí instalados distribuiranse por zonas:

- **Zona stands institucionais:** construídos coa propia estrutura móbil do espazo, a empresa adxudicataria deberá acondicionar segundo o plano cada un dos espazos e poñelos á disposición das entidades ocupantes. Ditos espazos contarán todos eles con:
 - Moqueta ferial
 - Cadeiras (de 2 a catro según dimensións de cada stand)
 - Unidade de cadro eléctrico individual de 15A con interruptor e enchufe
 - Displayer nome entidade expositora (50x50 cm)
 - Iluminación individual suficiente acorde con cada un dos espazos

- **Zona galerías e artistas:** construídos utilizando como parede traseira a propia estrutura e paredes espazo. Este espazo acollerá un máximo de 16 espazos de tamaño 2x2 que, a petición dos ocupantes, poden ser combinados e utilizados sen separación entre eles.

A empresa adxudicataria deberá distinguir os límites entre un espazo e outro instalando a delimitación dos mesmos con moqueta de diferentes cores (a escoller pola organización). Todos os espazos han de contar con:

 - Unidade de cadro eléctrico individual de 15A con interruptor e enchufe
 - Cadeiras
 - Displayer nome entidade expositora (50x50 cm)
 - A empresa adxudicataria disporá de iluminación individual suficiente para cubrir aqueles stands de deseño libre que pola súa ubicación estean situados en lugares sombríos.

1º Andar

Zona prensa

4 aluguer de mesas de taboleiro para 8 postos de traballo dedicados a prensa e organización

10 aluguer de cadeiras pregables

Zona Restauración

Instalación de corrente aos postos de comida

Instalación de mostrador para recarga de tarxetas cashless

Peches necesarios para acondicionamento da planta 1

ESPAZO CARPA EXTERIOR

Medidas carpa: 10x30m

- Esta carpa estará unida ao edificio mediante unha *haima* ou carpa intermedia ancorada que sirva de acceso e que permita o illamento da chuvia e o acústico e térmico do espazo de actividade, con tarima de madeira na maior parte da superficie baixo teito e enmoquetada
- 1 tarima enmoquetada de 6,25 x 5 m e 0,7 de alto
- 1 rampa de acceso ao escenario conforme coa lexislación vixente para o acceso de materiais ou posible acceso de cadeiras de rodas
- 1 sistema de calefacción externo á carpa (consumo de gasoil incluído para os días de duración da feira)
- 40 cadeiras pregables
- Estrutura trust ou taboleiro para a instalación de traseiras plotter

OUTROS

- Vertedoiro para cafetería
- Aluguer de extintores, colocación e sinalética segundo o plan de emerxencia
- 6 pantallas de plasma 50'' en soporte móbil nos espazos Libro (unha en escenario e outra en entrada espazo), infantil (unha en escenario e outra en entrada espazo), Espazo Arte contemporánea e mostrador entrada
- **7 ordenadores portátiles**
- **1 PROYECTOR 5000 LUMES FULLHD PARA ESPAZO CINEMA**
- Aluguer de catenarias para conformar os carrís de entrada
- Colocación sinalética xeral da feira (aseos, entradas e saídas de emerxencia, etc.)
- Balanceador wi-fi
- Pantalla para espazo cine medidas mínimas 4x3